

**En la jubilación del Prof. Basilio Losada.** —Cadrando coa xubilación do prof. Basilio Losada, o máximo embaixador das culturas escritas en galego e portugués en Cataluña, organizáronse os días 30 de novembro e 1 de decembro de 2000 na Universitat de Barcelona as xornadas *Oralidade e creación en Galicia*, sobre un dos seus temas preferidos. Queríanse reflexionar sobre a oralidade como soporte da tradición popular e como fonte para a renovación da narrativa culta actual, por iso se convidaron importantes expoñentes galegos destes estudos e prácticas: o propio Losada, X. Alonso Montero, Carlos Casares, Suso de Toro e o narrador oral Cándido Pazó. Pero as xornadas querían ser tamén unha homenaxe ó mestre, e por iso se pecharon os actos coa presentación dun groso volume titulado *Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco* (Barcelona: Publicacions de la UB, 2000), coordinado por Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González. Nel inclúese a bibliografía “posible” do seu intenso e disperso traballo como articulista e traductor, semblanzas dos seus amigos e artigos de investigación dos colegas. No mes de maio de 2000 dictou Losada a súa última lección co mesmo tema co que comezara a súa andaina docente, Rosalía de Castro (reprodúcese íntegro no libro); como el dixo, non será a derradeira (Cfr. nota següent). [I. R/ E. L./H. G.]